

A elaboración dun corpus paremiolóxico por francófonos nativos¹

Elaboration of a paremiological corpus by native speakers of French

Julia Sevilla Muñoz

Universidad Complutense de Madrid

Grupo de Investigación UCM 930235 *Fraseología y Paremiología*

Marina García Yelo

Universidad Pontificia de Comillas

Grupo de Investigación UCM 930235 *Fraseología y Paremiología*

Resumo: Este estudo trata de averiguar a presenza do xénero proverbial na competencia do falante francés actual mediante un traballo de campo realizado no curso 2007-2008 cun grupo de informantes no marco da materia Gramática contrastiva (francés-español), impartida nos estudos de Licenciatura de Filoxía Francesa. A metodoloxía empregada sufriu unha evolución a medida que avanzaban as nosas investigacións durante este tempo debido ao aumento de estudantes francófonos do programa Erasmus. Os obxectivos da actividade proposta no mencionado curso eran diversos: a) espertar o interese dos estudantes por un fenómeno lingüístico de natureza bastante complexa; b) aprender a localizar fenómenos lingüísticos directamente de fontes orais; c) constatar o grao presencial do xénero proverbial na competencia lingüística. O material paremiográfico recompilado constitúe, polo seu número e as súas diversas categorías paremiolóxicas, unha mostra representativa da competencia paremiolóxica francesa e belga actual, debido á idade e á procedencia xeográfica dos informantes.

Palabras clave: francés, paremiografía, mínimo paremiolóxico, refrán, frase proverbial.

Abstract: This study intends to verify the presence of the proverbial genre in current French by means of a fieldwork carried out in 2007-2008 with a group of students of Contrastive Grammar (French-Spanish), from the Degree in French Philology. The methodology has been evolving due to the increase of francophone students from the Erasmus program. The objectives of the proposed

Data de recepción 23.6.2013. Data de aceptación 31.7.2013.

¹ Este traballo inscribíase dentro do Proxecto de Investigación I+D+i PAREMIASTIC (2012-2014, FFI2011-24962, Ministerio de Ciencia e Innovación, actualmente Ministerio de Economía y Competitividad).

activity are several: a) waking the interest os students for a complex linguistic phenomenon, b) learning to locate linguistic phenomena directly from oral sources, c) confirming the degree of evidence of the proverbial genre in the linguistic competence. The paremiological material compiled constitutes, for its number and its diverse paremiological categories, a representative sample of the paremiological competence in current French, as a result of the age and the geographical origin of the informants.

Keywords: French, paremiography, paremiological minimum, proverb, proverbial sentence.

1. Introducción

Durante máis de quince anos impartimos a materia *Gramática contrastiva (francés-español)* nos estudos de Licenciatura de Filoloxía Francesa. Un dos temas do programa estaba dedicado ás paremias como complemento ás materias de lingua francesa, por ser un aspecto no que hai notables diferenzas de uso entre a lingua francesa e a española. A metodoloxía empregada para abordar este tema foi sufrindo unha evolución ante os resultados das nosas investigacións durante este tempo e, de modo moi especial, polo sucesivo aumento de estudantes francófonos do programa Erasmus. O número deles foi medrando ata acadar o 40 ou 45% do alumnado. Para eles resultaba moi interesante o tema das paremias, porque as atopaban tanto nos textos españois, principalmente nos textos clásicos, coma no discurso falado. Nos estudantes españois tamén espertaba interese este tema, por tratar un fenómeno lingüístico que lles resultaba coñecido. Por outra banda, pode nacer na clase o interese polas paremias ao descubrir os valores de tales enunciados sentenciosos e os seus problemas tradutolóxicos.

Desenvolvemos diversas actividades para ensinar a recollida de paremias e verificar a súa comprensión. No presente traballo describiremos unha das actividades realizadas durante o curso 2007-2008 en colaboración con Marina García Yelo².

En explicando na clase os trazos definitorios das paremias e mais as súas principais categorías e subcategorías, partimos dunha relación de paremias francesas integrada polas dúas categorías máis frecuentes nos repertorios paremiográficos: os refráns (*proverbes*) e as frases proverbiais (*phrases proverbiales*), co obxecto de captarmos o seu significado e buscarmos a súa correspondencia española.

Tras se familiarizaren co tema, proporcionamos as pautas para a realización da actividade “competencia paremiolóxica”. Durante varios meses, os alumnos debían recompilar paremias directamente de informantes do seu entorno próximo, indicando en cada caso o nome, o lugar e a data de nacemento de cada informante.

Varios eran os obxectivos desta actividade:

- espertar o interese dos estudantes por un fenómeno lingüístico de natureza bastante complexa;
- aprender a localizar fenómenos lingüísticos directamente de fontes orais;

² Por ser, naquela época doutoranda do Programa de Doutoramento da UCM “Estructura y función de las unidades lingüísticas estables: fraseologismos y paremias” e bolseira de investigación (Bolsa Predoctoral UCM), é membro do Grupo de Investigación UCM 930235 Fraseología y Paremiología.

-constatar o grao de presenza do xénero proverbial na competencia lingüística.

Tanto os estudantes franceses como os españois realizaron esta actividade e os dous grupos tiveron como lingua de traballo a súa lingua materna, polo que describiremos o efectuado polo grupo de estudantes francófonos.

2. Perfil dos estudantes


Os alumnos cos que traballamos durante o curso 2007-2008 foron doce francófonos: once franceses e un belga, estudantes de español que se atopaban en España para complementaren a súa formación universitaria. Tratábase dun grupo de doce estudantes, de idade bastante uniforme, xa que a idade de once deles estaba comprendida entre os 20 e os 23 anos.

De acordo co que se lles solicitou, cada un recompilou as paremias populares (refráns, frases proverbiais, dialoxismo etc.) que lles resultaban familiares, e solicitou do seu entorno máis próximo –membros da súa familia e amigos– as paremias coñecidas ou empregadas. Deste xeito, produciuse unha cadea de transmisión paremiolóxica que permitiu chegar a un total de 144 persoas de distintas idades, sexo e lugar de nacemento. Cada alumno consultou á súa vez unha media de once informantes; o número de informantes variaba dende os dous informantes consultados por un alumno aos 44 preguntados por outro.

Se atendemos á idade dos informantes, observamos que o grupo máis numeroso foi o da franxa de idades comprendidas entre os 21 e os 25 anos. Aínda así, a media de paremias achegadas por este grupo, aínda que elevada, situábase a case 8 puntos por debaixo da media achegada polos informantes que superaban os 65 anos.


FRANXAS DE IDADES INFORMANTES	N.º INFORMANTES	N.º TOTAL PAREMIAS RECOMPILADAS	PAREMIAS RECOLLIDAS POR PERSOA
Ata 15 anos (1993-2008)	20	53	2,65
16-20 anos (1988-1992)	14	84	6
21-25 anos (1983-1987)	40	186	4,65
26-30 anos (1978-1982)	6	48	8
31-40 anos (1968-1977)	8	54	6,75
41-50 anos (1958-1967)	16	85	5,31
51-64 anos (1944-1957)	27	206	7,62
Máis de 65 (1943 e anteriores)	13	164	12,61
TOTAL	144 informantes	880	6,69/pers.

A procedencia xeográfica dos informantes foi moi diversa, na súa maioría eran franceses e belgas, aínda que había informantes de España e da Suíza francófona. A continuación amosamos un diagrama co número de informantes por país e a súa correspondente porcentaxe.



A porcentaxe máis elevada (66%) correspondía aos informantes de orixe francesa, 94 procedentes de 12 rexións distintas de Francia: do norte (Nord-Pas de Calais) e noroeste (Bretagne e Basse Normandie), do suroeste (Aquitaine) e do sureste (Languedoc-Roussillon Provence-Alpes-Côte d'Azur), pasando por rexións céntricas, como Centre, Bourgogne ou Île de France. De todas elas, as que achegaron maior número de informantes foron: Île de France (21 informantes), Basse Normandie (17 informantes) e Provence-Alpes-Côte d'Azur (17 informantes).

A continuación presentamos un diagrama das rexións de Francia coas porcentaxes de participación no estudo. As rexións coloreadas en ton máis claro son aquelas das que proceden os informantes que participaron no noso estudo.



O número de informantes de orixe belga (31%) ascendeu a 45, procedentes de 5 provincias (1 flamenga: Amberes e 4 valonas: Brabante, Namur, Luxemburgo e Liexa). Da mesma maneira, contamos coa colaboración dun informante da Suíza francófona.



Por último, a porcentaxe de informantes doutras nacionalidades quedou reducida ao 3%, polo que este estudo achegou unha visión de conxunto da paremioloxía na comunidade francófona máis importante de Europa.

3. Descrición do material paremiográfico

O número total de paremias recompiladas chegou a 143 para o corpus en francés de Bélxica e a 338 para as paremias recompiladas en Francia, case todas agrupadas dentro das paremias populares e pertencentes a varias categorías:

- refróns [*proverbes*] (*Qui aime bien châtie bien*),
- refróns meteorolóxicos [*dictons*] (*S'il tonne en février prépare ton grenier*),
- frases proverbiais [*phrases proverbiales*] (*Les bons comptes font les bons amis*),
- locucións proverbiais [*locutions proverbiales*] (*Bien faire et laisser dire*).

O maior número de paremias corresponde a frases proverbiais (191), seguidas dos refróns (150), os refróns meteorolóxicos (19), as locucións proverbiais (2) e as paremias cultas³ (9).

Dos 178 refróns, a maioría foron de orixe popular, como *Qui va à la chasse perd sa place*, *Rira bien qui rira le dernier* e algúns de orixe culta, como *Œil pour œil dent pour dent*, *Ne fais pas à autrui ce que tu ne voudrais pas qu'on te fasse*.

³ As paremias cultas nacen e empréganse no ámbito científico ou culto, como a máxima, o aforismo, o axioma (Sevilla 2002: 72).

Entre os refráns meteorolóxicos recompilados, os relacionados coa meteoroloxía, (*S'il pleut à la Saint Médard, il pleut quarante jours plus tard, A la Chandeleur, l'hiver s'en va ou prend vigueur, À la Saint Ignace, l'eau est de glace*) son máis numerosos que os alusivos ao tempo (*À la Sainte Catherine tous les arbres prennent racine, Août mûrit les fruits, septembre les cueille*). Recompilouse un refrán meteorolóxico que contén unha crenza (*dicton de la croyance*), isto é, unha desas paremias que expresan crenzas e mitos de orixe rural: *Araignée du matin chagrin, araignée du midi souci, araignée du soir espoir*. As frases proverbiais, en xeral, carecen de rima e son unimembres: *La nuit porte conseil, L'habit ne fait pas le moine, Les murs ont des oreilles, Tous les chemins mènent à Rome, L'argent ne fait pas le bonheur*. En ocasións, formulan unha orde ou mandato: *Il faut battre le fer pendant qu'il est chaud, Il ne faut pas vendre la peau de l'ours avant de l'avoir tué, Il ne faut pas mettre la charrue avant les bœufs*. Os proverbios dialogados ou dialoxismos, tamén aparecen na competencia paremiolóxica dos informantes consultados, como o seguinte exemplo: *Il ne faut jamais dire: 'Fontaine je ne boirai jamais de ton eau'*. Na recompilación figuran *locutions proverbiales*⁴, unidades lingüísticas a cabalo entre as paremias e as locucións propiamente ditas, do tipo: *Bien faire et laisser dire, Diviser pour mieux régner*.

Finalmente tamén achamos algunhas expresións idiomáticas (*Il y a anguille sous roche, Il y a trois pelés et un tondu, Cela coûte les yeux de la tête*), locucións (*Avoir la puce à l'oreille, Tirer le diable par la queue, Faim de loup, Secret de polichinelle*) e comparacións (*Être frais comme un gardon, Être têtue comme une bourrique, Rire comme un bossu*). Non as imos tratar neste traballo, pero amosan a dificultade dos informantes para distinguilas con claridade.

Realizamos nun primeiro momento a diferenciación das paremias recompiladas nos dous países, xebrándoas para podermos observar así a presenza de variantes e determinar a coincidencia ou diverxencia no uso das paremias. Deste xeito puidemos concluír que existen variacións tanto no número de paremias recompiladas (moito menor en Bélxica) como na frecuencia de uso destas, sendo distintas as paremias máis frecuentes en cada caso. A continuación presentamos un cadro coas corenta paremias que máis empregan os nosos informantes para amosar as devanditas diverxencias e entre parénteses o número de mencións.

PAREMIAS RECOMPILADAS ENTRE INFORMANTES BELGAS	PAREMIAS RECOMPILADAS ENTRE INFORMANTES FRANCESES
1. <i>Qui va à la chasse perd sa place (18)</i>	1. <i>Il n'y a pas de feu sans fumée (19)</i>
a) <i>Qui part à la chasse perd sa place.</i>	a) <i>Il n'y a pas de fumée sans feu</i>
b) <i>Qui part à la chasse perd sa place, et quand le chasseur revient, il tue le lapin</i>	2. <i>Qui va à la chasse perd sa place (14)</i>
2. <i>Mieux vaut tard que jamais (16)</i>	a) <i>Qui part à la chasse perd sa place</i>

⁴ Sobre esta categoría paremiolóxica véxase Sevilla, Cantera e Sevilla 2005: 15.

a) <i>Il vaut mieux tard que jamais.</i>	3. <i>Après la pluie, le beau temps (12)</i>
3. <i>Tel père, tel fils (15)</i>	a) <i>Après la pluie vient le beau temps</i>
a) <i>Tel père tel fils</i>	b) <i>Après l'hiver, le printemps.</i>
b) <i>Telle mère, telle fille</i>	4. <i>La nuit porte conseil (12)</i>
4. <i>Après la pluie, le beau temps (11)</i>	5. <i>Il ne faut pas vendre la peau de l'ours avant de l'avoir tué (10)</i>
a) <i>Après la pluie vient le beau temps</i>	a) <i>Ne pas vendre la peau de l'ours avant de l'avoir tué</i>
b) <i>Après la pluie, le "bon" temps</i>	6. <i>Qui vole un œuf vole un bœuf (11)</i>
c) <i>Après la "vie", le beau temps</i>	7. <i>L'amour est aveugle (7)</i>
5. <i>Il n'y a que la vérité qui blesse (11)</i>	a) <i>L'amour rend aveugle</i>
6. <i>Le chat parti, les souris dansent (11)</i>	b) <i>L'amour est aveugle, le mariage rend la vue</i>
a) <i>Quand le chat est parti, les souris dansent</i>	8. <i>Mieux vaut tard que jamais (10)</i>
b) <i>Quand le chat dort, les souris dansent</i>	a) <i>Mieux vaut plus tard que jamais.</i>
c) <i>Le chat sort, les souris dansent</i>	9. <i>Passion qui passe, soupe à la grimace (10)</i>
7. <i>Chose promise, chose due (10)</i>	10. <i>Qui aime bien châtie bien (10)</i>
8. <i>Il n'y a pas de fumée sans feu (10)</i>	11. <i>Tout à vient à point à qui sait attendre (10)</i>
9. <i>Les bons comptes font les bons amis (10)</i>	12. <i>A chaque jour suffit sa peine (9)</i>
10. <i>Qui vole un œuf vole un bœuf (9)</i>	13. <i>Heureux au jeu, malheureux en amour (9)</i>
11. <i>L'appétit vient en mangeant (8)</i>	14. <i>L'argent ne fait pas le bonheur (9)</i>
12. <i>L'habit ne fait pas le moine (8)</i>	a) <i>L'argent ne fait pas le bonheur mais il y contribue</i>
13. <i>La nuit porte conseil (8)</i>	b) <i>La richesse ne fait pas le bonheur.</i>
14. <i>Qui fait le malin tombe dans le ravin (8)</i>	15. <i>Les bons comptes font les bons amis (9)</i>
15. <i>Qui se ressemble s'assemble (8)</i>	16. <i>Mieux vaut être seul que mal accompagné (9)</i>
a) <i>Qui se ressemble, s'assemble</i>	a) <i>Il vaut mieux être seul que mal accompagné</i>
16. <i>Qui s'y frotte s'y pique (8)</i>	b) <i>Vaut mieux être seul que mal accompagné.</i>
a) <i>Qui s'y frotte, s'y pique</i>	17. <i>Noël au balcon, Pâques aux tisons (9)</i>
17. <i>Plus on est de fou plus on rit (7)</i>	18. <i>Qui ne risque rien n'a rien (9)</i>
18. <i>Qui ne risque rien n'a rien (7)</i>	19. <i>Qui se ressemble s'assemble (9)</i>
a) <i>Qui ne tente rien n'a rien</i>	20. <i>C'est en forgeant qu'on devient forgeron (7)</i>
19. <i>Rira bien qui rira le dernier (7)</i>	a) <i>À force de forger on devient forgeron.</i>
20. <i>Un de perdu dix de retrouvés (7)</i>	21. <i>Jamais 2 sans 3 (8)</i>
21. <i>Avec des "si" on mettrait Paris en bouteille (6)</i>	22. <i>La vengeance est un plat qui se mange froid (8)</i>
a) <i>Avec des "si", on mettrait Paris dans une bouteille</i>	23. <i>Loin des yeux loin du cœur (8)</i>

22. <i>Heureux au jeu, malheureux en amour (6)</i>	24. <i>Pierre qui roule, n'amasse pas mousse (8)</i>
23. <i>Qui aime bien châtie bien (6)</i>	25. <i>Toute vérité n'est pas bonne à dire (8)</i>
a) <i>Qui aime bien, châtie bien</i>	a) <i>Toutes vérités ne sont pas bonnes à dire</i>
24. <i>En avril ne te découvre pas d'un fil ; en mai fait* ce qu'il te plaît (5)</i>	26. <i>Aux grands maux les grands remèdes (7)</i>
a) <i>En avril, ne te dépouille pas d'un fil; en mai, fais ce qu'il te plaît</i>	27. <i>Ce n'est pas au vieux singe que l'on apprend à faire la grimace (7)</i>
25. <i>Les cordonniers sont les plus mal chaussés (5)</i>	a) <i>Ce n'est pas au vieux singe qu'on apprend à faire la grimace.</i>
a) <i>Ce sont toujours les cordonniers les plus mal chaussés.</i>	b) <i>Ce n'est pas aux vieux singes qu'on apprend à faire des grimaces</i>
26. <i>Les murs ont des oreilles (5)</i>	c) <i>On n'apprend pas au vieux singe à faire la grimace.</i>
27. <i>Loin des yeux, loin du cœur (5)</i>	d) <i>On n'apprend pas aux vieux singes à faire des grimaces</i>
a) <i>Loin des yeux, près du cœur</i>	e) <i>On n'apprend pas à un vieux singe à faire des grimaces.</i>
28. <i>Œil pour œil dent pour dent (5)</i>	28. <i>Il faut tourner la langue sept fois dans sa bouche avant de parler (7)</i>
29. <i>Qui a bu boira (5)</i>	a) <i>Avant de parler, il faut tourner sept fois la langue dans sa bouche.</i>
30. <i>Tous les chemins mènent à Rome (5)</i>	29. <i>Les grands esprits se rencontrent (7)</i>
31. <i>Un "tiens" vaut mieux que deux "tu l'auras" (5)</i>	30. <i>Mieux vaut prévenir que guérir (7)</i>
32. <i>Vouloir c'est pouvoir (5)</i>	31. <i>Œil pour œil dent pour dent (7)</i>
33. <i>A l'impossible, nul n'est tenu (4)</i>	32. <i>On ne fait pas d'omelette sans casser des œufs (7)</i>
34. <i>L'argent ne fait pas le bonheur (4)</i>	33. <i>Petit à petit l'oiseau fait son nid (7)</i>
35. <i>Pas de nouvelles, bonnes nouvelles ! (4)</i>	34. <i>Qui s'y frotte s'y pique (7)</i>
36. <i>Péché avoué est à demi pardonné (4)</i>	35. <i>Qui vivra verra (7)</i>
a) <i>Chose avouée est à demi pardonnée</i>	36. <i>Rira bien qui rira le dernier (7)</i>
b) <i>Péché avoué, à demi pardonné</i>	37. <i>Rien ne sert de courir il faut partir à point (7)</i>
37. <i>Pierre qui roule, n'amasse pas mousse (4)</i>	a) <i>Rien ne sert de courir, il faut partir à temps.</i>
38. <i>Qui sème le vent récolte la tempête (4)</i>	38. <i>Tel père, tel fils (7)</i>
a) <i>Qui sème à tout vent récolte la tempête</i>	a) <i>Telle mère telle fille</i>
39. <i>Tant va la cruche à l'eau qu'à la fin elle casse (4)</i>	39. <i>Au pays des aveugles les borgnes sont rois (6)</i>
a) <i>Tant va la cruche à l'eau qu'à la fin elle se brise</i>	a) <i>Au royaume des aveugles les borgnes sont rois</i>
40. <i>Beaucoup de bruit pour rien (4)</i>	b) <i>Au royaume des aveugles, le borgne est roi</i>
	40. <i>Chassez le naturel il revient au galop (6)</i>

Das corenta paremias presentadas existe coincidencia entre os dous países en 18 delas, e isto supón unha porcentaxe do 45% aínda que a frecuencia coa que se presentan difire lixeiramente. As devanditas paremias son:

Après la pluie, le beau temps.
Heureux au jeu, malheureux en amour.
Il n'y a pas de feu sans fumée.
L'argent ne fait pas le bonheur.
La nuit porte conseil.
Les bons comptes font les bons amis.
Loin des yeux loin du cœur.
Mieux vaut tard que jamais.
Œil pour œil dent pour dent.
Pierre qui roule, n'amasse pas mousse.
Qui aime bien châtie bien.
Qui ne risque rien n'a rien.
Qui s'y frotte s'y pique.
Qui se ressemble s'assemble.
Qui va à la chasse perd sa place.
Qui vole un œuf vole un bœuf.
Rira bien qui rira le dernier.
Tel père, tel fils.

Ao analizarmos os dous cörpora, descubrimos que, a pesar da falta de coincidencia na frecuencia de uso das primeiras 40 paremias nos dous países, si existe, pola contra, unha coincidencia do 80% entre o total de paremias recompiladas por informantes belgas e o corpus moito máis numeroso dos informantes franceses; isto é, o 80% das paremias recompiladas por informantes belgas atópase no corpus francés, aínda que a súa frecuencia de uso é distinta debido, se cadra, a diferenzas diatópicas e pragmáticas complexas de analizar.

Das paremias recompiladas por informantes belgas só 15 non están presentes no corpus francés, o que representa unha porcentaxe moi pequena do 10% das paremias en francés de Bélxica e un 4,4% do corpus de nativos franceses. As paremias son as seguintes:

-A tout Seigneur tout honneur.
-Belle de loin, mais loin d'être belle.
-C'est en tombant qu'on apprend.
-Des goûts et des couleurs, il ne faut pas discuter.
-Dis-moi qui tu hantes et je te dirai qui tu es.
-Entre l'arbre et l'écorce, il ne faut pas mettre le doigt.
-Il faut rendre à César ce qui appartient à César, et à Dieu ce qui est à Dieu.
-Le changement de viande excite l'appétit.
-Les conseillers ne sont pas les payeurs.
-Mariage demande ménage.
-Qui donne aux pauvres prête à Dieu.

- Qui donne vite donne deux fois.*
- Qui fait le malin tombe dans le ravin.*
- Qui veut la fin veut les moyens.*
- Quiconque se sert de l'épée périra par l'épée.*

Noutra ocasión estudaremos con máis detalle as semellanzas e diverxencias dos dous cónpora. Neste artigo só faremos unha aproximación cuantitativa dos dous conxuntos pero ao final ofreceremos o listado completo das paremias recompiladas por países coa presenza das súas variantes.

2.1. Presenza de variantes

Das paremias recompiladas, 76 posúen variantes formais; isto é, un pouco máis do 20% do total de paremias recollidas. O enunciado que máis variantes tivo é o refrán: *Qui va a la chasse perd sa place*:

- Qui va à la chasse perd sa place* (29 mencións).
- Qui part à la chasse perd sa place* (2 mencións).
- Qui part à la chasse perd sa place, et quand le chasseur revient, il tue le lapin* (1 mención).

Séguelle un enunciado considerado refrán meteorolóxico, aínda que co tempo adquiriu un sentido idiomático e emprégase tamén como se se tratase dun proverbio:

- Après la pluie le beau temps* (15 mencións).
- Après la pluie vient le beau temps* (5 mencións).
- Après la pluie, le "bon" temps* (1 mención).
- Après l'hiver, le printemps* (1 mención).
- Après la "vie", le beau temps* (1 mención).

Citaremos por último unha frase proverbial:

- L'argent ne fait pas le bonheur* (10 mencións).
- L'argent ne fait pas le bonheur mais il y contribue* (2 mencións).
- La richesse ne fait pas le bonheur* (1 mención).

Unha das variantes, a primeira, é en realidade a mesma paremia acompañada dunha apostila. A presenza de variantes non é moi elevada –un 20%– o que nos fai supoñer que o carácter semifixado ou fixado das devanditas unidades contribúe á súa conservación na competencia lingüística dos falantes. As variantes son de diversos tipos:

- Presenza/ausencia de caracteres gráficos como as comas:
Rien ne sert de courir il faut partir à point.

Rien ne sert de courir, il faut partir à point.

- Cambio na orde sintáctica dos compoñentes:
Il n'y a pas de feu sans fumée.

Il n'y a pas de fumée sans feu.

- Supresión da segunda parte da paremia:

Araignée du matin chagrin, araignée du midi souci, araignée du soir espoir:

Araignée du matin, chagrin.

- Modificación dun dos elementos por outro de significado ou fonética similar:

Au pays des aveugles les borgnes sont rois.

Au royaume des aveugles les borgnes sont rois.

- Adición dun intensificador:

Mieux vaut tard que jamais.

Mieux vaut plus tard que jamais.

- Modificación no número dalgún dos compoñentes (singular por plural e viceversa):

Ce n'est pas au vieux singe que l'on apprend à faire la grimace.

Ce n'est pas aux vieux singes qu'on apprend à faire des grimaces.

- Adición dunha apostila:

L'argent ne fait pas le bonheur.

L'argent ne fait pas le bonheur mais il y contribue.

Tras a análise dos corpóra de paremias recompiladas por informantes belgas e franceses podemos concluír que: aínda que a frecuencia de uso varía dun país a outro, sendo esta moito máis alta en Francia, existe unha coincidencia superior ao 80% na competencia paremiolóxica dos falantes dos dous países.

2.2. Frecuencia por número de informantes

De todas as paremias recompiladas, destacan vinte por seren as máis frecuentes e as que máis emprega o total de usuarios, a saber:

PAREMIA	TIPO DE PAREMIA	FRECUENCIA
<i>Qui va à la chasse perd sa place</i>	Refrán	29
<i>Mieux vaut tard que jamais</i>	Refrán	24
<i>Qui vole un œuf vole un bœuf</i>	Refrán	20
<i>La nuit porte conseil</i>	Frase proverbial	20
<i>Les bons comptes font les bons amis</i>	Frase proverbial	19
<i>Tel père tel fils</i>	Refrán	18
<i>Il n'y a pas de fumée sans feu</i>	Frase proverbial	17
<i>Qui aime bien châtie bien</i>	Refrán	15
<i>Chose promise, chose due</i>	Refrán	15
<i>Heureux au jeu, malheureux en amour</i>	Refrán	15
<i>Après la pluie, le beau temps</i>	Refrán meteorolóxico	15
<i>Il n'y a que la vérité qui blesse</i>	Frase proverbial	15
<i>Rira bien qui rira le dernier</i>	Refrán	14
<i>Qui se ressemble s'assemble</i>	Refrán	14

<i>L'habit ne fait pas le moine</i>	Frase proverbial	14
<i>Qui ne risque rien n'a rien</i>	Refrán	14
<i>Qui s'y frotte s'y pique</i>	Refrán	13
<i>L'appétit vient en mangeant</i>	Frase proverbial	13
<i>Œil pour œil dent pour dent⁵</i>	Refrán	12
<i>Pierre qui roule, n'amasse pas mousse</i>	Refrán	12

Destas vinte paremias, trece son refráns (*proverbes*); seis, frases proverbiais (*phrases proverbiales*) e unha é refrán meteorolóxico (*dicton*) ou refrán (*proverbe*) (*Après la pluie, le beau temps*), segundo se empregue en sentido directo ou figurado.

Como indicamos, dentro do corpus total de paremias recompiladas son as frases proverbiais as máis numerosas: 195 fronte aos 176 refráns (*proverbes*). Aínda así, ao realizarmos o estudo das vinte paremias máis frecuentes entre os nosos informantes, observamos que os refráns (*proverbes*) posúen unha maior frecuencia de uso, pois son 14 refráns –incluído o refrán de orixe culta– fronte a 6 frases proverbiais. Poida que esta supremacía no uso dos refráns fronte ás frases proverbiais sexa debido á existencia nos primeiros de máis elementos mnemotécnicos (rima, ritmo, estrutura bimembre).

2.3. Frecuencia por idades dos informantes

En canto ás paremias máis empregadas por idades, ativémonos ás dez primeiras. Se separamos por franxas de idades cada grupo de informantes, obtemos oito grupos de informantes:

PAREMIAS EMPREGADAS POR FRANXAS DE IDADES	
Ata os 15 anos (1993-2008)	<i>Qui va à la chasse perd sa place.</i> <i>Tel père, tel fils.</i> <i>Mieux vaut tard que jamais.</i> <i>Après la pluie, le beau temps.</i> <i>Le chat parti, les souris dansent.</i>
16-20 anos (1988-1992)	<i>Il n'y a que la vérité qui blesse.</i> <i>La nuit porte conseil.</i> <i>Qui s'y frotte s'y pique.</i> <i>Tel père, tel fils.</i> <i>Qui va à la chasse perd sa place.</i>
21-25 anos (1983-1987)	<i>Après la pluie le beau temps.</i> <i>Heureux au jeu, malheureux en amour.</i> <i>Les bons comptes font les bons amis.</i> <i>Qui va à la chasse perd sa place.</i> <i>Mieux vaut tard que jamais.</i>

⁵ Este proverbio ten a súa orixe na lei do Talión recollida na Biblia: A *lex talionis* atópase en tres textos do Antigo Testamento (Éxodo 21,23-24; Levítico 24,19-20; Deuteronomio 19,21). Trátase dunha parte da oración: *Pagarás vida por vida, ollo por ollo, dente por dente, man por man, pé por pé, lume por lume, ferida por ferida, contusión por contusión*. Curiosamente, nas distintas linguas dinse só as dúas primeiras partes: *Ojo por ojo, diente por diente*, en español; *Occhio per occhio, dente per dente*, en italiano; *Auge um Auge, Zahn um Zahn*, en alemán (Sevilla, Cantera 2002: 31).

26-30 anos (1978-1982)	<i>Qui aime bien châtie bien. Qui vole un œuf vole un bœuf. A la guerre comme à la guerre. Au royaume des aveugles les borgnes sont rois. C'est dans le besoin qu'on reconnaît ses vrais amis.</i>
31-40 anos (1968-1977)	<i>Il n'y a pas de fumée sans feu. L'appétit vient en mangeant. Les bons comptes font les bons amis. Les murs ont des oreilles. Qui aime bien châtie bien.</i>
41-50 anos (1958-1967)	<i>A chaque jour suffit sa peine. Aux grands maux, les grands remèdes. Avec des "si", on mettrait Paris en bouteille. Fais ce que je dis, ne fais pas ce que je fais. Il n'y a pas de fumée sans feu.</i>
51-64 anos (1944-1957)	<i>Il n'y a pas de fumée sans feu. Noël au balcon, Pâques au tison. Toute vérité n'est pas bonne à dire. En avril ne te découvre pas d'un fil en mai fais ce qu'il te plaît. Il ne faut pas vendre la peau de l'ours avant de l'avoir tué.</i>
Máis de 65 anos (1943 e menos)	<i>Pierre qui roule n'amasse pas mousse. Rien ne sert de courir il faut partir a point. Qui a bu boira. A l'impossible nul n'est tenu. Bien faire et laisser dire.</i>

Nas dúas primeiras franxas (ata os 20 anos) destaca o enunciado *Qui va à la chasse perd sa place*, ausente nos demais grupos, o que parece indicar que se trata dunha paremia propia da linguaxe infantil. Dous grupos coinciden en ter como paremia máis frecuente *Il n'y a pas de fumée sans feu*, o dos 31-40 anos e o dos 51-64 anos.

As paremias máis frecuentes son: *Mieux vaut tard que jamais*, presente en catro grupos; *Il n'y a pas de fumée sans feu*, *Les bons comptes font les bons amis*, *Qui aime bien châtie bien* e *Qui va à la chasse perd sa place* presentes en tres.

Resulta curioso achar o refrán metorolóxico *En avril ne te découvre pas d'un fil, en mai fais ce qu'il te plaît* nunha forma máis breve (*En avril ne te découvre pas d'un fil*) ou cun referente temporal distinto (*En mai, fais ce qu'il te plaît*).

Estas case catrocentas paremias presentes na competencia paremiolóxica dos informantes consultados constitúen un número considerable para tratarse da competencia paremiolóxica duns falantes que utilizan cada vez menos este tipo de enunciados.

2.4. Frecuencia de aparición en Internet

Tras obter o corpus de paremias máis empregadas en todos os grupos consultados, decidimos realizar unha incursión en Internet, para comprobar se se corresponden coas máis utilizadas na rede. Facémolo en dúas fases: na primeira introducimos a paremia entre aspas no buscador Google coa forma tal e como se recollera. Na segunda fase introducimos a mesma paremia pero esta vez sen aspas, para ampliar o campo de busca e localizar as posibles variantes que puidesen xurdir.

Efectuamos esta operación coas vinte paremias máis habituais comprobamos que a frecuencia de cada paremia aumenta loxicamente cando eliminamos as aspas.

Advertimos que esta consulta se fixo en marzo do 2009, porque a primeira paremia *Mieux vaut tard que jamais* pasou de 7.350.000 resultados (en 2009) a 8.500.000 (en 2013). Que o uso pragmático aumentase na rede indica que esta paremia (e quizais tamén outras) seguen vixentes no francés actual.

PAREMIAS MÁIS FRECUENTES EN INTERNET (entre aspas)	Resultados	PAREMIAS MÁIS EMPREGADAS DO CORPUS
<i>Mieux vaut tard que jamais</i>	7.350.000	<i>Qui va à la chasse perd sa place.</i>
<i>L'habit ne fait pas le moine</i>	2.550.000	<i>Mieux vaut tard que jamais.</i>
<i>Après la pluie le beau temps</i>	2.510.000	<i>Qui vole un œuf vole un bœuf.</i>
<i>Œil pour œil dent pour dent</i>	2.270.000	<i>La nuit porte conseil.</i>
<i>Qui aime bien châtie bien</i>	2.070.000	<i>Les bons comptes font les bons amis.</i>
<i>Qui s'y frotte s'y pique</i>	1.780.000	<i>Tel père tel fils.</i>
<i>Il n'y a pas de fumée sans feu</i>	1.630.000	<i>Il n'y a pas de fumée sans feu.</i>
<i>Qui ne risque rien n'a rien</i>	1.390.000	<i>Qui aime bien châtie bien.</i>
<i>La nuit porte conseil</i>	1.350.000	<i>Chose promise, chose due.</i>
<i>Rira bien qui rira le dernier</i>	1.240.000	<i>Heureux au jeu, malheureux en amour.</i>
<i>L'appétit vient en mangeant</i>	733.000	<i>Après la pluie le beau temps.</i>
<i>Pierre qui roule, n'amasse pas mousse</i>	440.000	<i>Il n'y a que la vérité qui blesse.</i>
<i>Il n'y a que la vérité qui blesse</i>	440.000	<i>Rira bien qui rira le dernier.</i>
<i>Tel père tel fils</i>	380.000	<i>Qui se ressemble s'assemble.</i>
<i>Les bons comptes font les bons amis</i>	375.000	<i>L'habit ne fait pas le moine.</i>
<i>Chose promise, chose due</i>	352.000	<i>Qui ne risque rien n'a rien.</i>
<i>Qui vole un œuf vole un bœuf</i>	313.000	<i>Qui s'y frotte s'y pique.</i>
<i>Qui se ressemble s'assemble</i>	234.000	<i>L'appétit vient en mangeant.</i>
<i>Qui va à la chasse perd sa place</i>	189.000	<i>Œil pour œil dent pour dent.</i>
<i>Heureux au jeu, malheureux en amour</i>	35.500	<i>Pierre qui roule, n'amasse pas mousse.</i>

Observamos que non existe coincidencia exacta de frecuencia entre as paremias que recolleron os alumnos e as mesmas en Internet. Pode que este feito se deba a que Internet é unha plataforma de comunicación que empregan fundamentalmente persoas novas, polo que se reduce bastante a presenza dos grandes grupos de usuarios das paremias, é dicir, aqueles con idades que superan os 50 anos. Aínda así, podemos deducir que a presenza de paremias populares na Rede resulta destacable, dado o alto número de páxinas e sitios Web nas que aparecen, dende os 7.350.000 de resultados da paremia *Mieux vaut tard que jamais* ata as 35.500 nas que figura *Heureux au jeu, malheureux en amour*.

3. Conclusións

O desenvolvemento dun traballo de campo centrado na recompilación de paremias presentes na competencia activa de falantes francófonos nativos constitúe unha mostra representativa válida para descubrir a devandita competencia paremiolóxica no francés actual debido á variedade de idades dos informantes e ás súas diversas procedencias xeográficas, sendo un 66% de orixe francesa e un 31% de orixe belga.

O material paremiográfico que achegaron resulta igualmente representativo, polo seu número e as súas diversas categorías paremiolóxicas. Recompilamos dous cörpera distintos, un de 144 paremias (recompiladas por informantes belgas) e outro de 338 (recollido por informantes franceses). Nos dous cörpera as frases proverbiais son as máis numerosas (*La nuit porte conseil, L'habit ne fait pas le moine*) seguidas dos refráns (*Rira bien qui rira le dernier*) e algúns refráns meteorolóxicos como *S'il pleut à la Saint Médard, il pleut quarante jours plus tard*. Aínda así, ao realizarmos o estudo das vinte paremias máis frecuentes entre os nosos informantes, observamos que os refráns posúen unha maior frecuencia de uso, isto pode ser debido á presenza de elementos mnemotécnicos (rima, ritmo, estrutura bímembre) que facilitan a súa memorización.

No que se refire ás paremias máis frecuentes destaca o enunciado *Qui va à la chasse perd sa place* entre os falantes de 20 anos e *Pierre qui roule n'amasse pas mousse* entre os informantes maiores de 65 anos.

A frecuencia de aparición en Internet desvélanos, como queda dito, que a paremia máis frecuente é *Mieux vaut tard que jamais* con 7.350.000 de resultados (8.500.000 en 2013) a moita distancia da seguinte en número de veces empregada *L'habit ne fait pas le moine*, con 2.550.000 (2.560.000).

A análise dos cörpera de paremias recompilados por informantes franceses e belgas permite extraer varias conclusións. Ambas comunidades lingüísticas comparten repertorio paremiolóxico aínda que difiran lixeiramente na frecuencia de uso e nas paremias que o conforman.

A presenza de variantes representa unha porcentaxe baixa con respecto ao total, un 20%, o que permite deducir que as paremias perviven no discurso de maneira fixa ou relativamente fixa cunhas modificacións mínimas que lle afectan especialmente á forma pero non ao contido que estas vehiculan.

O material recompilado é de suma utilidade para o ensino de paremias na clase de FLE. En efecto, trátase dun valioso material para realizar outras actividades encamiñadas a adiviñar cal sería o mínimo paremiolóxico francés.

O devandito corpus resulta de utilidade no só no deseño de actividades didácticas nas clases de FLE, senón tamén na realización de traballos comparados de tipo paremiolóxico, como o efectuado no *Refranero Multilingüe* do Centro Virtual Cervantes, isto é, a busca das correspondencias paremiolóxicas francesas máis adecuadas e en uso actual. Con este traballo queda patente a importancia de consultar fontes orais para a confección de

córpore de paremias, así como a utilidade das actividades paremiográficas que se poden coordinar dende a clase de lingua.

4. Corpus de paremias recompiladas por países

4.1. PAREMIAS RECOMPILADAS ENTRE INFORMANTES FRANCESES

1. <i>Il n'y a pas de feu sans fumée. (17)</i> a) <i>Il n'y a pas de fumée sans feu.</i>	20. <i>C'est en forgeant qu'on devient forgeron. (8)</i> a) <i>À force de forger on devient forgeron.</i>
2. <i>Qui va à la chasse perd sa place. (14)</i> a) <i>Qui part à la chasse perd sa place.</i>	21. <i>Jamais 2 sans 3. (8)</i>
